

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O INSTITUTO DE CRÉDITO OFICIAL (ICO) PARA FINANCIAR O INVESTIMENTO DAS EMPRESAS GALEGAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con o Instituto de Crédito Oficial (ICO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre o IGAPE e o ICO para que as empresas que teñan formalizadas operacións de préstamo acollidas a determinadas liñas do ICO se podan beneficiar das axudas do IGAPE, en concepto de bonificación do tipo de xuro, axuda financeira sobre o tramo de préstamo que se destine a financiar activos fixos e, no seu caso, compensación do custo da comisión de aval da SGR.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

ICO é unha Entidade Pública Empresarial das previstas no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, da Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, adscrita ao Ministerio de Economía y Competitividad a través da Secretaría de Estado de Economía y Apoyo a la Empresa, que ten natureza xurídica de entidade de crédito e a consideración de Axencia Financeira do Estado, constituíndo un dos seus principais obxectivos o sostemento e a promoción das actividades económicas que contribúan ao crecemento e a mellora da distribución da riqueza nacional.

IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a promoción de políticas integrais de apoio ás empresas e desenvolver accións dirixidas á mellora da súa competitividade. Así mesmo, pretende dotar as microempresas e pemes galegas de recursos financeiros en óptimas condicións de

prazo, tipo de xuro e garantías que lles permitan acometer os seus proxectos de investimento e dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

ICO procedeu á apertura de diversas liñas de financiamento, entre elas as denominadas liñas “ICO Empresas y Emprendedores 2016” e “ICO Garantía SGR / SAECA 2016”. Nun contexto, no que os custos financeiros das pemes españolas en xeral, e galegas en particular, presentan un sobrecusto en relación a outros países da UE, considérase necesario arbitrar mecanismos que faciliten o acceso ao crédito e sirvan para minorar o seu custo, en especial nas microempresas, autónomos e emprendedores, que se atopan con especiais dificultades para o acceso ao crédito a longo prazo en condicións competitivas. Ante a confluencia de obxectivos entre o IGAPE e o ICO, o acordo de colaboración ten o obxecto de facer compatibles as bonificacións do tipo de xuro previstas polo Instituto Galego de Promoción Económica cos préstamos das citadas liñas ICO 2016, para o apoio dos investimentos ás pequenas e medianas empresas, de xeito que aquelas que financien os seus proxectos de investimento con operacións de crédito (préstamo) acollidos ás liñas ICO-GARANTIA SGR/SAECA 2016 e ICO-EMPRESAS E EMPRENDEDORES 2016 se poidan beneficiar, para estes mesmos proxectos, das axudas complementarias establecidas polo IGAPE.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.